



ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón
Serafin Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)
660 175 215 / anpa.garcia.barbon@gmail.com
<http://anpagarciabarbon.org/>

Comunicación de faltas ao comedor:

As faltas de asistencia ao comedor poderán avisarse á ANPA por calquera dos seguintes métodos:

- Por correo electrónico a: anpa.garcia.barbon@gmail.com antes das 9:30 a.m. (gardarase a mensaxe como comprobante), indicando o nome do alumno/a e días que non asistirá.
- Por medio do formulario da web da APP do ANPA a Barxa (farase igual que no suposto anterior).
- Mediante chamada telefónica ao teléfono do ANPA (660.175.215) antes das 9:30 a.m. do día que faltará (non queda comprobante pero se rexistrará no libro de incidencias).
- Mediante Whatsapp ao teléfono do ANPA (660.175.215) antes das 9:30 a.m. do día que faltará (gardarase a mensaxe como comprobante), indicando o nome do alumno/a e días que non asistirá.

As faltas de asistencia non comunicadas ó comedor de 2 días consecutivos o 4 descontinuos nun mes natural supón a perda da subvención de FOANPAS para o resto do curso.

As faltas de asistencia ó comedor de 3 días consecutivos, agás situacións excepcionais de forza maior, ou 5 descontinuos sen comunicar nun mes natural levará a anulación do servizo de comedor para o resto do curso, dando paso ao primeiro que se atope na lista de espera.

No caso dos bolseiros esta anulación virá dada pola ausencia inustificada de 4 días continuados, agás situacións excepcionais de forza maior, ou 3 alternos no período dun mes, xa que así o establece a Base 17ª das propias bases das AMES.

Nos casos de hospitalización, confinamento e todo tipo de situación excepcional, se a familia o pon en coñecemento do ANPA, terase en conta na cuota de comedor correspondente a ese período.

Lei de Protección de Datos

*De conformidade co disposto no **Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos**, informámoslle que os datos proporcionados ao longo da prestación do servizo incorporaranse á actividade de tratamento de **ANPA "A BARXA" C.E.I.P. GARCÍA BARBÓN** con CIF número **G36.782.373** y domicilio social en Serafin Avendaño, nº 20, 36,201, Vigo, provincia de Pontevedra. A finalidade de dito tratamento é prestarlle un óptimo servizo como cliente e o mantemento da relación comercial no seu caso establecida. De igual xeito, autorizan á publicación dos listados do alumnado admitido nas actividades, así como o envío de actualizacións dos servizos, polos medios tradicionais e vía electrónica, aos efectos da Lei 34/2002, de Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico, de información comercial acerca dos produtos e servizos ofrecidos pola organización. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, por escrito, acompañado dunha copia dun documento oficial que o identifique dirixido ao enderezo anterior.*